

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

### **ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE ALUMEADO ORNAMENTAL EN DIVERSAS RÚAS EN NADAL 2015**

-----

Sendo as 13:30 horas do día 1 de decembro de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe do servizo municipal de Contratación, Patrimonio e Fomento, don Xosé Manuel Cao Rei e actuando como vocais don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor xeral do Concello, dona Ana I. Sáez Mancebo, letrada asesora, dona Matilde García Losada, Xefa da sección de Cultura, e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, Técnico do servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

Abre a sesión a Sr. Presidente e procédese por parte do Secretario da Mesa a dar lectura ó informe do negociado de rexistro do día 1 de novembro de 2015, no que se pon de manifesto que á referida contratación presentouse unha única plica: CREACIONES LUMINOSAS, S.L. Así mesmo informa que na tramitación regulamentaria do expediente se invitou a 5 empresas das cales 3 tense constancia da súa capacidade para levar a cabo o obxecto do contrato ao haber sido adjudicatarias en diversos contratos similares con este Concello.

A continuación a Xefa da Sección de Cultura manifesta que é imposible por cuestións de tempo material realizar novas invitacións polo que se procede á apertura do sobre A de documentación administrativa , co seguinte resultado:

- Anexo II
- Anexo III
- Certificados de execución de contratos similares
- Certificado de inscrición no rexistro xeral de construtistas da comunidade Autónoma de Galicia

A documentación é correcta.

De seguido procédese a continuación á apertura da proposición económica e técnica (sobre B) da única empresa admitida á licitación, co seguinte resultado:

\* prezo de 30.942,15 €, máis o 21% de IVE (6.497,85 €), o que supón un total de 37.440 €, IVE incluído. Con 38 arcos a maiores do listado mínimo

\* Características técnicas

**CONTRATACION**

XMCR/rdi

Ref: ALUMEADO NADAL 2015


Asunto: acta apertura plicas

Os membros da mesa acordan seleccionar a oferta presentada pola empresa CREACIONES LUMINOSAS, S.L., por ser a única empresa presentada á licitación e cumprir as condicións establecidas nos pregos


Asimesmo acordan requirir á sinalada mercantil, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, presente a documentación sinalada na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas; así como ter constituída unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:45 horas no lugar sinalado no encabezamento.


O PRESIDENTE



Asdo: José Manuel Cao Re



O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz